



SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: PORTUGUÉS 2º ESO

Carga horaria: 2h. Departamento: Lingua Galega e Literatura

A competencia en linguas estranxeiras é fundamental nun mungo globalizado no que persoas de diferentes culturas establecen relacións de tipo persoal e laboral. Ademais, a competencia lingüística en [portugués](#) favorece a comunicación con varios millóns de persoas de todos os continentes. Ademais, estudando portugués no IES Félix Muriel úneste a unha longa tradición deste centro, tal e como podes ver na seguinte [ligazón](#).

1. Elixeste esta materia se queres:

- Aprender idiomas
- Falar en portugués e comprender o que di unha canción, un filme....
- Entender pequenos textos relacionados cos teus intereses e tamén dar algunha información sobre a túa persoa, os teus gustos musicais, o teu día a día....
- Practicar a lingua oral na aula cunha profesora do Camões! Ten en conta que somos a única lingua estranxeira que conta cunha profesora nativa todos os cursos e un dos poucos centros de toda Galicia que pode presumir diso.
- Presentarte ás probas do nivel B1 do Camões sen saíres do teu instituto, recoñecido a nivel internacional.
- Poderte comunicar con 270 millóns de persoas que teñen o portugués como idioma nativo.
- Viaxar mentalmente (ou fisicamente, por que non?) a países de todos os continentes: Portugal, Brasil, Cabo Verde, Angola, Mozambique, Guiné-Bissau, Timor...
- Mellorar, ao tempo que aprendes portugués, a túa lingua propia: o galego.

2. Bloques de contido

- Comprensión e expresión escrita a partir de textos de actualidade e do teu interese.
- Comprensión e expresión oral a través de filmes, música...
- A lusofonía: onde se fala portugués?
- A lingua portuguesa e Galiza: a relación entre a nosa lingua e a portuguesa
- A cultura portuguesa: tradicións, festas, música, filmes, vilas e cidades....

Poderás acceder aos contidos na Aula Virtual do Centro.

3. Que e como se avalía?

Esta materia ten un carácter moi práctico polo que o traballo e a participación na aula será un dos principais instrumentos de avaliación. As probas obxectivas terán como obxectivo traballar as competencias activas e pasivas, tanto a nivel escrito como oral.

Así mesmo, o alumnado que o desexe poderá presentar tarefas optativas que serán sumadas á súa cualificación unha vez acadado o 4 na avaliación.

[Máis información](#)